

Concello de Viveiro

ACTA DA XUNTA DE GOBERNO

SESIÓN EXTRAORDINARIA DA XUNTA DE GOBERNO LOCAL CORRESPONDENTE O DÍA VINTE E OITO DE ABRIL DE 2017. (EXPTE. 2661/2017).

ASISTENTES:

D^a. MARIA LOUREIRO GARCÍA.
D. JESUS ANTONIO FERNÁNDEZ CAL
D^a. MARIA ISABEL RODRÍGUEZ LÓPEZ
D. JESUS FERNÁNDEZ FERNÁNDEZ
D. EMILIO VILLARMEA MENDEZ

SECRETARIA XERAL:

D^a. MARILUZ BALSA RÁBADE

INTERVENTOR POR DELEGACIÓN:

D. SERGIO AGUADO DELICADO

Na Casa do Excmo. Concello de VIVEIRO, sendo as 14:00 do día 28 de abril de 2017, baixo a Presidencia da Sra. Alcaldesa, D^a. María Loureiro García, e coa asistencia dos Sres. Concelleiros relacionados anteriormente, así como a da Secretaria Xeral, María Luz Balsa Rábade, ten lugar a sesión extraordinaria da Xunta de Goberno Local, en primeira convocatoria.

Excusan verbalmente a súa asistencia os concelleiros D^a. Lara Fernández Fernández-Noriega.

Á hora sinalada para este acto pola Sra. Alcaldesa, declárase aberto o mesmo.

1.- RATIFICACIÓN DA URXENCIA DA SESIÓN.

A urxencia da sesión fundaméntase pola Alcaldesa no remate do prazo para a solicitude da subvención correspondente ao Plan Único da Deputación Provincial de Lugo (expte 2737/2017) e ao próximo remate do contrato existente referente ao procedemento do expte. 2534/2017. Por unanimidade dos presentes procédese á ratificación da urxencia da sesión.

2.- APROBACIÓN, SE PROCEDE, DA ACTA DA SESIÓN

Concello de Viveiro

CELEBRADA O DÍA 24-04-17.

Non existindo ningunha obxección ó respecto procédese á aprobación da acta da sesión celebrada o día 24 de abril de 2017.

3.- SOLICITUDE DE SUBVENCIÓN.

EXPTE. 2737/2017.- PLAN ÚNICO DA DEPUTACIÓN

Visto o escrito presentado polo director de Servizos Sociais en relación co PLAN PROVINCIAL ÚNICO DE COOPERACIÓN COS CONCELLOS 2017 publicado no BOP Lugo o 30 de marzo de 2017.

Vistas as bases reguladoras do Plan Provincial Único de cooperación cos Concellos 2017.

A Xunta de Goberno Local, por unanimidade, acorda:

Primeiro.- Participar no PLAN PROVINCIAL ÚNICO DE COOPERACIÓN COS CONCELLOS 2017 da Deputación de Lugo, cuxas Bases se coñecen e aceptan na súa totalidade, e solicitar a aplicación da achega asignada a este Concello aos seguintes obxectos:

a. OBRAS E SUBMINISTRACIÓNS

OBRA OU SUBMINISTRO	TOTAL CUSTO	APORTACIÓN DIPUTACIÓN	APORTACIÓN CONCELLO
Pavimentación e servizos en Rego da Fonte Celeiro-Viveiro	190.000,00	180.000,00	10.000,00
Pavimentación e servizos na rúa Lodeiro -Viveiro	173.000,00	162.000,00	11.000,00
TOTAL DESTINADO A OBRAS E SUBMINISTROS	363.000,00	342.000,00	21.000,00

b. PROGRAMA SAF

PROGRAMA SAF	APORTACIÓN DIPUTACIÓN
Servizo de axuda no fogar de libre concurrencia	75.000,00
TOTAL DESTINADO SAF	220.000,00

c. PROGRAMA DEPUEMPREGO

PROGRAMA DEPUEMPREGO	APORTACIÓN DIPUTACIÓN
Contratación de traballadores	67.000,00
TOTAL DESTINADO DEPUEMPREGO	68.383,36

Concello de Viveiro

Concello de Viveiro

d. PROGRAMA DE ACTIVIDADES CULTURAIS E DEPORTIVAS

PROGRAMA ACTIVIDADES CULTURAIS E DEPORTIVAS	APORTACIÓN DIPUTACIÓN	APORTACIÓN CONCELLO
Baloncesto junior	7.000,00	1.000,00
Canovi 2017	1.000,00	500,00
TOTAL DESTINADO	8.000,00	1.500,00

e. PROGRAMA EVENTOS TURÍSTICOS, FEIRAS, MERCADOS E OUTROS

PROGRAMA EVENTOS TURÍSTICOS, FEIRAS, MERCADOS E OUTROS	APORTACIÓN DIPUTACIÓN	APORTACIÓN CONCELLO
Feira renacentista	8.000,00	2.000,00
TOTAL DESTINADO EVENTOS TURÍSTICOS, FEIRAS, MERCADOS E OUTROS	8.000,00	2.000,00

Segundo.- Aprobar as memorias das obras e actuacións incluídas na solicitude de participación e que se relacionan neste anexo.

Terceiro.- Declarar que o Concello ten a dispoñibilidade dos terreos, augas e servidumes para a execución dos investimentos, e que ten resolto ou en trámite todo o relacionado coas concesións e autorizacións administrativas que legalmente sexan necesarias.

Cuarto.- Comprometerse o concello a incluír no orzamento municipal do 2017 os fondos necesarios para facer fronte á achega municipal aos investimentos incluídos no Plan único.

Quinto.- Declarar que o Concello non solicitou nin percibiu ningunha subvención ou axuda doutras Administracións públicas ou entidades privadas para o financiamento das distintas actuacións incluídas nesta Plan único, eno caso de que existan axudas ou subvencións concorrentes doutras administracións achégase detalle de cada unha delas, acreditándose que a súa suma non supera o 100% do custo.

Sexto.- Autorizar a Deputación de Lugo a obter as certificacións da Axencia Estatal da Administración Tributaria e da Tesourería da Seguridade Social nas que se acredite que o Concello está ao corrente nas súas obrigas tributarias e coa Seguridade Social.

Sétimo.- Facultar expresamente á Alcaldía para todo o relacionado coa

Concello de Viveiro

tramitación e xestión do presente acordo e os correspondentes expedientes.

Oitavo.- Dar traslado do presente acordo ao encargado da tramitación da subvención aos efectos de levar a cabo a tramitación correspondente para a súa solicitude.

Noveno.- Dar traslado do presente acordo ao concelleiro de economía e facenda e ao departamento municipal de Intervención aos efectos da cumprimentación do acordado no punto cuarto.

4.- EXPEDIENTES DE CONTRATACIÓN

EXPTE. 2534/2017.- APROBACIÓN DO EXPEDIENTE "SERVIZO DE MANTEMENTO DE ASCENSORES DO CONCELLO DE VIVEIRO"

Visto o expediente CT 7/2017, correspondente ao expediente de contratación con carácter urxente por procedemento negociado sen publicidade denominado: "Servizo de mantemento de ascensores do Concello de Viveiro".

Visto o informe de Secretaría, coa conformidade de Intervención, coas observacións referentes á tramitación do procedemento.

A Xunta de Goberno Local, por unanimidade, acorda:

Primeiro.- Aprobar o expediente de contratación do servizo denominado "Servizo de mantemento de ascensores do Concello de Viveiro", aprobando así mesmo o gasto referente a esta actuación, co seguinte orzamento:

Orzamento base	21 % IVE	Orzamento Total
23.553,72 €	4.946,28 €	28.500,00 €

Segundo.- Aprobar o prego de cláusulas administrativas particulares e o prego de prescricións técnicas.

Terceiro.- Acordar solicitar a presentación de ofertas ás seguintes empresas, outorgándolles un prazo de tres días naturais para a súa presentación, tal e como establece a cláusula catorce do prego de cláusulas administrativas particulares, do que se lles adxunta copia:

Denominación empresa	Enderezo
Orona, S. Coop.	Rúa Alfredo Deaño, 5 baixo dereita 27700 - Ribadeo (Lugo)
Ascensores Enor, S.A.	Ronda Músico Xosé Castiñeira, 28 baixo. 27002 - Lugo
Zardoya Otis, S.A.	Praza da Liberdade, 14-16 entreplanta. 27002 - Lugo



Concello de Viveiro

Cuarto.- Dar traslado do presente acordo ao Departamento de Intervención e ao Servizo de Contratación para a continuidade do expediente ata a súa conclusión.

E non habendo máis asuntos que tratar, por parte da Sra. Alcaldesa levántase a sesión, sendo as 14:30 horas do día 28 de abril de 2017, extendéndose de todo o tratado a presente acta, da que eu Secretaria dou fe.